

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, DE 19 DE XUÑO DE 2009

No salón de actos do Edificio de Servizos Centrais de Investigación, ás 12:30 horas, en segunda convocatoria, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Usuarios dos Servizos de Apoio á Investigación (SAI) da Universidade da Coruña, por convocatoria da súa Presidenta, a Vicerreitora de Investigación Dona Concepción Herrero López, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se proceder, da acta da reunión anterior
2. Informe da dirección
3. Tarifas para usuarios tipo B e C a través de convenios
4. Rogos e preguntas

e sendo a relación de asistentes:

Concepción Herrero López, Presidenta

Jaime Rodríguez González, Director dos S.A.I.

Julián Yáñez Sánchez

Jordi Delgado Martín

Carlos Jiménez González

Pilar Rodríguez Barro

Andrés Martínez Lage

Andrés de Blas Varela

Soledad Muniategui Lorenzo

José Luis Vilariño López

Alicia Cantarero Roldán

Jorge Otero Canabal

O director disculpa a José María Aguiar Paz, que se atopa desplazado por motivos de traballo

.Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da anterior reunión, celebrada con data de 4 de nadal de 2008.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

O director procede a unha exposición da memoria anual do servizo para o ano 2008. Xúntase a esta Acta a exposición en formato electrónico.

O número de mostras analizadas experimentou un incremento do 53% fronte ao ano 2008, sendo o incremento do 38% en número de determinacións. A maior porcentaxe de subida corresponde á Unidade de Bioloxía Molecular, asociada principalmente a un aumento de usuarios de tipo C.

Con respecto a anos anteriores, en 2008 aumentaron as porcentaxes de usuarios de tipo B e C (sinálase unha errata no gráfico presentado, no que os datos de número de determinacións en 2008 están intercambiados entre usuarios B e C; a errata está correxida no arquivo pdf que se xunta).

A facturación acadou en 2008 o medio millón de euros, experimentando un aumento considerable respecto a 2007. O incremento de determinacións para usuarios de tipo C ten un impacto importante na facturación, ao tratarse de tarifas máis elevadas. O director comenta brevemente a distribución da facturación por departamentos e áreas da Universidade.

O director expón a relación de novos equipamentos dispoñibles nos SAI:

- Analizador de superficies BET Micromeritics ASAP2020 (UAE). É o segundo equipo deste tipo nos SAI. A duplicación do equipamento ven dada pola necesidade de disminuir os tempos de resposta (trátase de ensaios de longa duración).
- Medidor de densidade real para mostras sólidas Micromeritics Accupyc 1340 (UAE).

- Sistema HPLC-MS Thermo Fisher Scientific LTQ-Orbitrap, adquirido con financiación da Xunta de Galicia (UTC). Trátase dun equipamento novidoso. A maior parte dos instrumentos deste tipo configúranse para laboratorios de xenética ou proteómica, se ben este está configurado para a análise de pequena molécula, o que lle concede singularidade dentro de España. Mostráronse interesados na súa utilización investigadores doutras universidades.
- Dous microscopios confocais Nikon A1R e Sensofar PLμ2300 (UM), o primeiro deles destinado a análises biolóxicas e o segundo a análise de materiais. A instalación iniciouse a primeiros de ano, e os equipos empezáronse a ofertar recentemente, tras un período de entrenamiento dos técnicos e posta a punto. Existe unha considerable ocupación deste tipo de instrumentación nas outras universidades galegas, polo que se espera ter demanda.
- Microscopio SEM de sobremesa Jeol Neoscope (UM). Trátase dun equipo de manexo sinxelo pero cunha boa resolución. Dispoñible en autoservizo. Jorge Delgado interesase polo tamaño de mostra; o Director non dispón da información nese momento.
- Analizador de carbono orgánico total Shimadzu SSM5000A (UTIA). Permitirá dispoñer de instrumentos separados para análise de mostras líquidas e sólidas.
- Turbidímetro de laboratorio Hach 2100N (UTIA).

Superouse a revisión de implantación da norma ISO9001. Asemade, recibeuse xa a autorización de ENAC para a utilización do seu selo nas análises acreditadas de policlorobenzodioxinas e policlorobenzofuranos en produtos agroalimentarios (se ben quedan algunhas cuestións por solucionar dentro da normalidade do proceso de acreditación).

A acreditación segundo norma ISO 17025 estenderase a un conxunto de ensaios propostos por Jorge Delgado, a quen o Director cede a palabra. Jorge Delgado explica que no marco de diversos proxectos que desenvolve o seu grupo, a administración esixe

que determinadas análises en augas se realicen por un laboratorio acreditado e que teña relación coa administración. Participan na posta a punto e acreditación dos ensaios a Unidade de Técnicas Instrumentais de Análise e a Unidade de Espectrometría de Plasma-Masas. Jorge Delgado colabora entre outras cousas proporcionando mostras para a validación dos métodos. Jorge Delgado quere que se faga constar o seu agradecemento ao persoal técnico implicado na acreditación, polo seu traballo no que resulta un proceso complicado e laborioso.

Toma a palabra a vicerreitora para informar de que se recibiu onte a resolución da convocatoria FEDER correspondente ao ano 2008. Foron aceptadas dúas das tres propostas presentadas polos SAI: a relativa a un espectrómetro de masas de relacións isotópicas, e a relativa a instrumentación de preparación de mostras para UEPM e UAE. Unha terceira proposta, para a adquisición dun sistema combinado de análise xenética, non resultou seleccionada.

Punto 3º. TARIFAS PARA USUARIOS TIPO B E C A TRAVÉS DE CONVENIOS

O director expón a estrutura de tarifas do servizo, na que as de tipo A se calculan para cubrir estrictamente os costes de funxibles. En xeral o importe das tarifas de tipo B resulta en xeral de arredor do dobre das tarifas A, e para o tipo C resulta entre 5 e 10 veces as tarifas A. Comentase tamén que outras universidades, en particular a de Santiago, abogan por tarifas de tipo A máis elevadas.

O reglamento dos SAI contempla a realización de convenios con entidades de tipo B ou C, incluíndo rebaixas de prezos con respecto ás tarifas vixentes, para actividades que impliquen un número importante de análises ou que se desenrolexen cunha certa periodicidade. Sen embargo, a política de prezos a empregar nestes casos non está regulada, feito que ven sendo reiteradamente sinalado pola oficina de contratación da universidade. O director plantexa unha proposta de regulación, consistente en establecer un desconto máximo do 30% para as análises realizadas baixo convenio.

Jorge Delgado expresa o seu acordo coa posibilidade de realizar convenios, se ben pensa que as entidades con convenios poden ter expectativas de tempos de resposta menores, e preocupanlle as posibles repercusións sobre outros usuarios e que tratamento se lle pode dar a esta cuestión. Soledad Muniategui fai tamén fincapé na necesidade de cuidar os prazos de entrega. O director explica que o servizo realiza a medida dos seus

plazos de entrega, e que a análise da mostra realizase basicamente atendendo á orde de entrada, cunha única cola de análise, excepto para atender casos excepcionais (mostras inestábeis), e coa salvedade de que lotes grandes de mostras non acaparen en exclusiva a realización dos ensaios. Soledad Muniategui expón que é importante que o usuario conoza e acepte o prazo, e que o servizo o manteña. Andrés Lage expón que a menudo resulta convinte que o servizo proporcione unha previsión de cando os resultados estarán dispoñibles. O director explica que sería posible publicar os prazos medios. José Luis Vilariño estaría disposto pola súa parte a pagar prezos por riba de tarifa para obter tempos de resposta menores. A vicerreitora sinala que regulamentar ese mecanismo resulta complicado. Soledad Muniategui pregunta se hai clientes que renuncien a entregar mostras por causa dos prazos de entrega. O director e Alicia Cantarero responden que ten ocorrido en raras ocasións. Soledad Muniategui insiste en que os prazos dalgúns ensaios deben acortarse. Jorge Delgado opina que é necesario analizar se o problema está na dispoñibilidade de recursos materiais ou humanos, plantexando que tal vez os ingresos procedentes dos convenios se podería canalizar cara a contratación de persoal. Andrés de Blas mostra tamén o seu acordo coa redución de prezos nos convenios, se ben lle parece difícil valorar cales serían os prezos axeitos, xa que se deberían considerar os costes de persoal e de amortización de equipos; sinala que, se non se teñen en conta os prezos de amortización, poderíase incurrir en competencia desleal, e que os usuarios tipo C deben contemplarse como unha fonte de financiación. A vicerreitora sinala a necesidade de establecer uns prezos acordes aos do mercado. Con respecto a outras universidades, o director informa que tamén se realizan convenios, pero que sen dispoñer dunha regulación dos mesmos.

Apróbase trasladar a proposta ao Consello Social, ao que corresponde a súa aprobación. O director informa que os convenios asinados fanse constar na memoria anual e que son aprobados polo Consello de Goberno.

Punto 4º. ROGOS E PREGUNTAS

Andrés de Blas sinala que na páxina web do servizo non figura información sobre a instrumentación de RX monocristal. Julián Yáñez interesase sobre a información relativa á nova instrumentación de microscopía. O director informa que en breve se producirán actualizacións na información da páxina web.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13:23 horas.

Vº e Prace da Presidenta

Asdo.: Concepción Herrero López

O Secretario da Comisión

Asdo.: Jorge Otero Canabal